

VISITA FÁCIL AO MUSEO PAZO DE TOR

Sala 1. Sala de armas

Esta primeira gran dependencia do pazo recibe luz exterior por unha lanterna con vidreira. Na exposición predominan diferentes tipos de armas, dúas armaduras, bastóns e diverso mobiliario, así como almireces, candieiros e un reloxo de pé. Da pintura fixámonos nunha das copias (hai outra na Sala 17) dun exvoto ofrecido á Virxe por don Francisco José de Quiroga y Losada, logo de superar unha enfermidade “privado de el uso de los sentidos” e no retrato do cóengo Andrés Avelino, devanceiro da familia.

Mobiliario

Destaca a mesa central, realizada en madeira de castiñeiro, un moble de uso dubidoso (por tradición oral asegúrase que se usaba para gardar as pezas de caza) decorado con figuras humanas desproporcionadas. Tamén é de sinalar unha orixinal liteira (s. XVIII) decorada con motivos florais e mitolóxicos.



Colección de armas

Gran colección de armas brancas (espadas, sabres, machetes, coitelos, baionetas) e de fogo (escopetas e pistolas). Merecen especial mención dous cascos da Primeira Guerra Mundial, un bastón con estoque oculto e unha espingarda, curiosa arma semellante a unha escopeta de chispa e canón moi longo.